

**Plácido Álvarez Dobaño**, na súa condición de portavoz do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE A AXENDA URBANA Á URXENTE REPARACIÓN DO TÚNEL DO FOLGOSO DA AUTOVÍA A-52 (SENTIDO OURENSE) E A SÚA MÁIS INMEDIATA REAPERTURA AO TRÁFICO**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A primeiras horas da mañá do pasado 25 de xaneiro, un camión de grandes dimensións dedicado ao transporte de vehículos incendiouse no túnel do Folgoso da autovía A-52, en sentido Ourense. As altas temperaturas rexistradas no interior do túnel como consecuencia do lume provocaron graves danos estruturais que obrigaron ao peche deste paso. Unha situación que se mantén a día de hoxe, transcorrido máis dun mes deste incidente, o que está a causar un impacto económico e social moi negativo nos territorios que conecta esta vía de alta capacidade.

A autovía das Rías Baixas, A-52, é unha vía troncal de comunicación de todo o sur de Galicia co resto de España e, polo tanto, fundamental para a mobilidade entre as provincias de Ourense e Pontevedra.

O corte de tráfico neste punto obriga aos usuarios da A-52 a desviarse durante 23 quilómetros nun percorrido de máis de media hora pola estrada N-120, que presenta deficientes condicións para un tránsito seguro, cun firme en mal estado malia os “parches” parciais e urxentes de asfaltado, un só carril de circulación en cada sentido, un trazado moi sinuoso e con fortes pendentes,

numerosos cruzamentos e saturación de vehículos no propio centro urbano da Cañiza, que atravesada esta estrada nacional.

Unha estrada (N-120) que na actualidade sofre unha elevada densidade de tráfico xa que está a absorber toda a circulación da autovía A-52, que en condicións normais rexistra un tráfico medio de 16.640 vehículos diarios.

Esta situación está a ter un efecto moi negativo para Ourense, e por extensión para todo o sur de Galicia, afectando seriamente ao transporte de mercadorías e de viaxeiros, así como ás persoas que se desprazan cara o seu posto de traballo ou acceden a servizos básicos como a educación ou a sanidade. Precisamente, os profesionais deste último ámbito (o sanitario) sinalan que o desvío pola N-120 está a poñer en risco unha resposta adecuada ante posibles urxencias sanitarias.

Os propios condutores que usan a diario esta vía relatan os problemas que lles está a ocasionar o peche ao tráfico do túnel, con perdas de tempo que mesmo poden chegar a unha hora se hai moito tráfico de vehículos pesados, o perigo que supón a continua presenza de animais soltos, en particular cabalos, ou a meteoroloxía, xa que nesta época de inverno é normal atopar néboa, o que xunto co mal estado do firme e a deficiente sinalización, coa pintura da vía case inexistente, fan que este traxecto sexa canso e moi perigoso.

Compre subliñar, ademais, que tanto para o transporte de mercadorías como de viaxeiros entre as provincias de Ourense e Pontevedra non existe unha alternativa ferroviaria idónea para dar resposta aos desprazamentos neste traxecto, pois a liña que comunica Ourense con Vigo sofre constantes incidencias polo esgotamento dunha infraestrutura que data de finais do século XIX, permanecendo tamén pechada á circulación de trens desde o 9 de febreiro ata o 1 de marzo como consecuencia dunha gran fochanca que se abriu en Frieira.

Ata hai escasos días, a densidade do tráfico viuse reducida polas restricións derivadas da pandemia, de tal xeito que por este punto da autovía só circulaban servizos esenciais e usuarios con causas suficientemente xustificadas. Hoxe, e tralas novas medidas de apertura perimetral adoptadas polas autoridades sanitarias é posible prever un incremento da mobilidade e, polo tanto, do tráfico entre a provincia de Ourense e principalmente o sur da provincia de Pontevedra.

Logo das reiteradas peticións de explicacións formuladas tanto polos representantes do Partido Popular no Congreso e no Senado, como polo Goberno galego e o Parlamento de Galicia, hoxe coñecemos que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana empra o remate dos traballos de reparación do túnel do Folgoso para dentro de dous meses, como mínimo, o que terá importantes consecuencias na competitividade das nosas empresas e nas viaxes de particulares.

Por todo o exposto, o grupo provincial do Partido Popular formula ao pleno para a súa aprobación os seguintes

**ACORDOS:**

1º. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a adoptar cantas medidas e recursos sexan necesarios para axilizar as obras de reparación do túnel do Folgoso da autovía A-52, sentido Ourense, facilitando así o máis inmediato restablecemento do tráfico para paliar o impacto económico e social que o peche deste paso está a provocar no sur de Galicia.



GRUPO PROVINCIAL POPULAR

2º. Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana unha detallada explicación dos procedementos e prazos que manexa este departamento para o remate das obras de reparación do túnel.

Ourense, 10 de marzo de 2021

Asdo. Plácido Álvarez Dobaño

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**